

VERÁN DO 2002 EN NUEVA YORK

David Tijero

Traducción: Xoan Alonso y Jose Luis Padrón

1- A véspera

Deste xeito tamén nosoutros andaremos, mirando alto, como si houbera sobre as nosas cabezas monstros sentinelas. Ó longo das primeiras xornadas os peóns semellan invisibles, xusto ata asegurármonos de que os cúmios son inmóbiles, soamente daquela inclinarémola mirada, para que a mutante terra nos cambie para sempre. Porque nos decatamos de que ocorre algo moi especial, algo que ata agora enteiramente descoñecemos.

1- As fendas do imperio

Despois de respostar un ridículo cuestionario, apercebimos que entrar nos Estados Unidos ven sendo sinxelo de abondo, sobre todo, si eres europeo e branco. Pasamos con éxito o rexistro dos armarios-policía; non levamos alcohol, nin fumamos, nin inserimos drogas. O obxecto da nosa viaxe tampouco inclúe a posibilidade de atentarse contra o presidente, e non pertencemos a ningún partido da ultradereita e antisemita. Un dos axentes da teleserie asina un permiso de oitenta días no pasaporte, e cun amplo sorriso nos desexa unha boa estadía. Pregúntannos con insistencia si somos familia. Reparamos na importancia do saúdo ó descubrir o rostro do derradeiro encargado. O inglés falado aquí non é o que aprendimos nas academias de verán. Acábanos de sobrepasar un grupo de xaponeses. Ollámonos uns ós outros, desatendendo por un intre o interrogatorio. Hai unhas horas, no avión, era o grupo máis arredado do mundo e, agora, vémonos fronte a fronte. Probablemente, non volveremos coincidir. Xamáis.

3- A forza dos lugares míticos

Abandonamos a pracenteira atmósfera artificial en canto se abren as portas de cristal. O pulmón dunha noite tropical córtanolo aire. O ambiente faise abafante a

medida que se evapora a choiva. Suxeitos de tódalas razas mesturan ó noso arredor os seus idiomas e inventan novos dialectos. Cando teñamos aprendido cómo formar parte desta loucura maravillosa, só seremos un par de espacios máis nun lugar alleo, por moito que sexamos uns acabados de chegar. Xa queda moi lonxe todo o que deixamos atrás, derradeira oportunidade para reinventarnos antes de cumprir un sono da infancia. A penas sentímolos bordos e os resóns da cidade, e sentimos xa o lume pausado que encende o doce desexo do regreso. Mercamos dous bonos de viaxe para unha semana, e alonxámonos do aeroporto en metro. Mírote coa curiosidade dun recén chegado. “*Stolen from Africa*”, leo no teu brazo espido. Estás calada como o resto, ca mirada perdida no infinito, ata que reparas en mín. O contraste entre o sopor exterior e o aire frío do vagón é increíble. Non semella moi normal tanta humidade nunha noite de xullo, pero ninguén aparenta estrañarse, o silencio é colectivo. Érgueste e pasas por diante buscando outro asento, a miña curiosidade anoxoute. Decidiches non ser outro cadro para turistas. A xente, aquí, é tan alta.

4- Non é unha cidade doada

Chegamos ó corazón de Hárlem entrada a noite. Empurrámola equipaxe cansos pola calor, inaturable e sucia. O asfalto derrítese e engule as nosas pegadas. Non voltará ser chan firme ata outono. Tódolos guieiros turístico recomendan non entrar na rúa 110, é potencialmente perigosa. O noso hotel, un pequeno hotel recén inaugurado gracias a solidariedade dos seus veciños, atópase na rúa 125. A humidade caribeña torna po húmido. Tódalas paredes están recargadas de graffitis, grupos de xóvenes negros escoitan rap diante dos soportales, bailan enriba da beirarrúa, as rúas son o paradigma da cultura hip-hop. Hai coches que patrullan o barrio á espera de bandas inimigas. Lembro cando fixen a reserva do hotel en Bilbao. Só podó decir que había moitas razóns para que fora tan barato. Un pequeno rato fai ás veces veces de recepcionista, corre ós nosos pes cando abrimos a porta da habitación, o dormitorio máis minúsculo e tórrido do mundo. Alugamos un par de toallas, e reclamamos ó responsable do hotel que habería que trocar a lámpada, un risoño e xoven marroquí que nos trabuca con franceses, e que saíu do país vai ti a saber con que esperanza e huindo de que. As duchas repártense no outro extremo do piso, e cando me sitúo debaixo da canavela penso que este debe selo único hotel do mundo que carece de auga fría, ou ¿será que

estamos nunha sauna pública? No piso de arriba están os armarios, só funcionan con moedas.

5- Na avenida que nos leva ó océano

Apoiados na varanda dunha escaleira contra incendios electrificada polo augacemento sol diurno, outeámola cidade. Dende o terceiro piso no que nos atopamos podemos velas luces dos edificios máis altos que insisten en nos agardar. Xa sabiamos antes de vir aquí que son presuntuosos de máis para que eles nos visiten a nós. Decidimos retrasala cita ó amencer. Cústanos durmir, e facémolas primeiras fotos que despintará a noite. A habitación recolleu todo o bochorno do día, e agora o libera lentamente. Tres horas de sono, e o condenado *jet lag* espértanos ca primeira luz do día. Ás cinco da mañá xa estamos baixando a 3ª Avenida, na busca do océano que se oculta detrás dos rañaceos. Parecemos invisibles no Harlem, aínda que sexamos dos poucos brancos que se ven por aquí; todo o mundo semella moi atarefado. A medida que sumamos a conta atrás das rúas que numeran a terceira avenida, os edificios antóxanse cada vez máis altos, cen metros, douscentos, trescentos,... Sómolos únicos que camiñan mirando ó ceo. Unha parella de policía corre co almorzó na man cara o coche patrulla, hai nenos que xogan co chorro dunha canavela rota, xóvenes negros de corpos atléticos rétanse ó baloncesto en canchas engaioladas, deceas de taxis amarelos percorren a interminable avenida. É como formar parte dunha desas películas que podemos ver a cotío. Tódolos parques de bombeiros teñen a florida fotografía do seu heroe local. Esta é unha nación construída por heroes, e a xente o ten aprendido dende a máis tenra infancia.

6- Pola pasta

Avenida abaixo, o pescozo tórcese de xeito impensable na busca dos lindeiros da cidade. A medida que nos achegamos ó mar, entendemos que a estreita illa non é máis que un cemento. Axiña, observarémola variedade móvil da parte inferior, cando os avións que debuxan un ceo moi baixo deixen de pasar por aquí. Sinto os vosos xestos cotiás como si eu xa fora parte de vosoutros. Non vos custará recoñecerme, porque son

o único que non se da presa entre a lixeira multitude, aínda que ninguén repare en min. Non teño nada que vos reprochar, cheguei co propósito de buscar anonimato, e co medo de espertar sabendo que a liberdade é estar só. As únicas persoas que permanecen estáticas son os oficinistas que tiveron que deixalo despacho para poder fumar nas entradas dos rañaceos. Gustaríame preguntarlles si teñen que fichar por cada pito que fuman, á fin e ó cabo, esta é unha cidade na que todo ten o valor do diñeiro, a comida, a bebida, as palabras dos camareiros, o armario roupeiro, veña lume todos detrás do omnipotente dólar... Os camareiros son os únicos que queren falar con nós. As rúas están atouradas de xente, as bocas do metro expulsan centos de persoas cada cinco minutos, pero é raro ver que alguén pare para falar, non sendo polo teléfono móvil. Resulta unha cidade silandeira, semella que todos se entregan ós seus faceres en corpo e alma, porque exceptuando o diñeiro, o segundo máis sagrado é o traballo. Pode ser doado, simple ou aburrido pero é o máis importante que ten cada un, porque sempre haberá outro que virá disposto para facelo mellor ca ti. O traballo é o único xeito de supervivencia nesta xungla caníbal. Polo que vexo, todo se fai aquí sin detelo paso, escoitar música, almorzar, ler, deterse sería considerado delicto, ou ben, o antollo dun turista que abraiado mira os rañaceos.

7- Os nosos amigos os camareiros

Escríbolle unha carta a un amigo sin poñer demasiada atención nun *reality show* que botan na televisión. O camareiro pregúntame si é para a miña moza. Respóndolle cun sorriso. Aquí, os únicos que nos dirixen a palabra son os camareiros, xente entrañable que nos fala como si o fixeran cun amigo íntimo, non sei si é por curiosidade ou por gañarse unha propina. Sexa polo que sexa, resulta moi agradable falar con alguén nunha cidade chea de silencios. Axiña advertiremos que os xóvenes que vemos correr na rúa achéganse ata aquí para cumprir ca súa xornada de doce horas, e logo, o único que queren é regresar á casa para estaren cas súas familias. Afora hai turistas coma nós, co paso lento, buscando algún punto no mapa, co xesto característico dos recién chegados. Nas súas roupas podemos ler que aman a cidade. Hai neoyorquinos que nacen e morren na súa propia cidade, pero tamén hai quen acaba de chegar e non tarda en sentirse neoyorquino para sempre. Sírvenos dous capuchinos ó tempo que pregunta de onde somos cando escoita o noso pobre vocabulario. É o primeiro camareiro da viaxe

que non sabe español. Como xa nos dixeran os seus compañeiros días atrás, este non tardará en visitar Europa. Sin decatarnos, os rostros das fotografías ó redor do café máis caro do mundo nos observan. Será irrepitible, decimos ca mirada, aínda que as persoas amadas non estén con nosoutros. Quizais foi a dor quen non ensinou a vencelo, ou, é que alguén de nosoutros sabe moi ben que o que deixamos tan lonxe aínda nos agarda. A distancia no puido borrarlo que somos, e gustaríame poder decir que me aleda que fora dese xeito.

8- Os rañaceos

Sabemos que intentar suliñala grandiosidade deste lugar a través das nosas fotografías é imposible. Cómo reflexar nunha imaxe feble todo este cemento. Os rañaceos roubannola luz do mediodía, conseguen que esquezamos que preto existe un océano de milleiros de kilómetros, e nos ofrecen o brusco achego de quen se sabe dono e señor de todo. Son o mellor reflexo da prepotencia e poderío deste país, poucas veces como aquí nos sentimos tan diminutos. O mundo adminístrase xusto dende este barrio, e é algo que millóns de persoas como nos non poderán cambiar. Contentámonos con poder facer unhas fotografías que amosen o corazón da besta. Ó caela noite os rañaceos quédanse en silencio. Pronto permanecerán valeiros ata o día seguinte. A escuridade só admitirá as luces que xamáis se apagan, que nos ensinan ata onde poden chegaros auténticos habitantes da cidade, que nos recordan quen son. Aquí o ser humano non é máis ca un supervivinte, e os rañaceos saben que se eternizarán cando xa non estemos. Para alguén coma nosoutros só é un lugar de paso, porque os que camiñan á nosa beira hai tempo que deixaron de miralo ceo. Chega a noite, precipitámonos contra ela, a fermosa agonía do día pinta de cor ouro o océano e o cristal dos edificios. Esta mañá, visitamos un dos máis altos para velas liñas amarelas e os puntos negros que quedan abaixo, movéndose en paralelo, lixeiramente, pero non hai nada dese xigantesco gorila que agatuña polos miradoiros. Hoxe, os milleiros e milleiros de vixías que protexen a cidade non tardarían nin dous segundos en abatilo.

9- A cultura do medo

As paredes do Central Station están vixiadas por rostros. Desaparecidos demáis entre os escombros. Ningén se atreve a retiralos, como si facelo fose recoñecer que morreron. Aquí o silencio é abouxador. As persoas nin se miran unhas a outras, como si

estivera prohibido buscala solidariedade nas miradas, ou, como si temeran atopar algún recordo nos ollos dos semellantes. Hai bandeiras por todas partes, nos autos, nas tendas da xeración máis xoven de inmigrantes, nas mans dos nenos,... Xa non é a New York do século XX, senón o berce asaltado polo patriotismo. As fins de semana encherase de turistas norteamericanos. Todos ca bandeira na man, e nos gorros e nas camisetas a imaxe do único espacio baleiro do rañaceos da illa que van visitar. Novos tempos. E a cidade ferida como escusa, na outra beira do mundo, no nome da corroída palabra Liberdade, xa nacen as novas vítimas. Dubido que as fotografías amosen os seus rostros, non haberá pranto, como cando tiven que escoitar a un cliente da tenda dos meus pais, non é conforto pero os mortos non eran máis que pobres. Cruzámola ponte cara Brooklyn. So dos nosos pes pasan veloces os coches que rematarán formando o embotellamento de entrada. E máis abaixo, o océano, e a súa incesante pelexa contra a ría, e enriba de nós o ceo máis despexado que xamáis tiñamos visto, traspasado polo sol, claro e doente. Ciclistas e corredores pasan suando á nosa beira baixo un silencio tan abafante e húmido como este verán. O deporte é outra obsesión. No medio da ponte un círculo de xóvenes bebe el alcol dunha botella envolta nunha bolsa de papel. As gargalladas que escoitamos falan do baldeiro das súas vidas. Os militares non baixan a garda diante de calquera inimigo invisible. Xóvenes morenos de mirada desafiante escudriñáronos de arriba abaixo desexando ver en nós os riscos e características dos terroristas, baixo a presenza dos helicópteros. Ninguén lles fai moito caso, están aquí tódolos días, agardando non se sabe que ameaza. As autoridades educaron ós cidadáns na cultura do medo, é mellor deixar de ser ceibes que morrer, din fachendosos repetindo o que escoitan tódalas noites pola televisión, como fan os bos alumnos co discurso dos seus maestros...

10- Utopía

Buscamos un pouco de aire acondicionado nunha cafetería co nome Esperanto. Ó pouco de sentarmos xunto unha gran ventá achegóusenos unha airosa moza para coller nota. Pedimos cervexa, e contestounos que non se serve alcol, abraiada, aínda así os pitos dos clientes que vixiaron a nosa entrada indican que sí está permitido fumar. Onde se serve alcol non se pode fumar, nembargantes, onde se permite fumar o alcol está prohibido. Coñezo a moita xente que lle disgustaría esta cidade. Os pitos rulan de man en man baixo un aire de clandestinidade, como si se tentase infrinxir algunha

norma, como un fato de nenos fumando por primeira vez. Fíxome no neón que pende no centro da ventá, “*Esperanto*”, o idioma da patria coñecida como Utopía. A cidade da utopía está hoxe chea de bandeiras, agardando que as leve un vento novo. As palabras do poeta que non lle quixo cantar á cidade máis loada imbuen este recuncho que fixemos único e propio. A memoria échese de xuventude e amores prohibidos. Aínda que a razón da viaxe era escapar do que somos, e aínda estando como estamos sós, nos atopamos máis preto que nunca do fogar. Son os mesmos versos da nosa primeira viaxe. Unha mirada nada máis abondou para suplantar tódalas palabras. O silencio é máis doado. Na ventá, a cidade é unha ameaza.